



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/09/2012)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e catro de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, obre modificación da data de celebración dos plenos ordinarios

Dáse conta pola Presidencia da solicitude do BNG de modificar o día de celebración dos plenos ordinarios, e tendo en conta que a el lle convén o mércores e non o xoves.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que efectivamente este cambio faise a instancia do BNG, pero que ata o de agora poucos foron os plenos que se celebraron na data establecida, polo que polo ben de todos pide que na medida do posible se respecte o día e se celebren os penúltimos mércores de cada mes.

O Sr. Pose do BNG di que o solicita para beneficio dos alumnos que quedarían sen dúas horas de clase.



A Presidencia sinala que agradece a boa dispoñibilidade de todos ata o de agora.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública

Dáse conta do informe da Comisión de Economía e Especial de Contas do día vinte e dous de outubro que di o seguinte:

“Dáse conta da necesidade de modificar a ordenanza e explícase a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública, expoñendo que a proposta supón igualar as tarifas ás dos concellos de Boqueixón e Teo.

Tamén se fan dúas correccións semánticas.”

A Presidencia expón que o tema xa está falado e debatido, e que no plan económico -financeiro aprobado unha das obrigas establecidas era ir adaptando as taxas, unha delas era esta, aos custos do servizo, e neste caso a intención era actualizala de acordo co IPC dende a súa aprobación ata o día de hoxe (entorno ao 26%), e que concellos cunha ordenanza fiscal semellante á deste concello, como Boqueixón, Teo e Brión, xa a subiron o pasado exercicio, un 6% no caso de Boqueixón, un 15% no caso de Teo, e Brión que incrementou as tarifas un 30% o pasado exercicio e segundo novas da prensa as volverá a incrementar neste ano, baixando Teo e Brión os epígrafes 1207 e 1208 porque consideraban que estaban mal dimensionadas as tarifas . Tendo en conta que o esforzo ten que ser compartido e repartido o grupo de goberno considera excesivo incrementalas no IPC, proponendo unha suba das tarifas do 15%, coincidindo con Teo agás nos epígrafes 1207 e 1208 que se manterían.

Sinala ademais que con esta modificación da ordenanza e sen ter en conta os gastos do punto limpo, cubriríase o 80% do custo do servizo, cando noutros concellos coma Brión supón un 91%, e se teñen en conta os gastos de mantemento do punto limpo a porcentaxe baixa ao 70%, co que se demostra que se está a facer un esforzo importante para manter os servizos sen cargar todo o peso na cidadanía, debendo suplementar ese incremento con outras medidas para aforrar custos e mellorar na recollida selectiva, facendo unha mellor concienciación social e plans para favorecer a reciclaxe , estando agora iniciando os compostoiros, esperando éxito con eles e con outras medidas que todos poidan achegar.

Por último pon como exemplo que unha vivenda pasará de 59 a 68 euros, e en canto ás reducións establecidas no artigo 8.1 da ordenanza quedaría redactada do seguinte xeito:

“Artigo 8º.- Reducións.

1º.- Ao abeiro do establecido no artigo 24.4 da Lei 39/1988, as cotas derivadas da aplicación da tarifa nº 1, correspondentes á prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario, reduciranse á metade da cota de vivendas para aqueles suxeitos pasivos nos que concorra a condición de xubilados, pensionistas ou perceptores de axuda familiar, sempre que os seus ingresos anuais totais, da unidade familiar, non superen o IPREM vixente no período para o que se solicite a redución. Excepcionalmente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



poderase contemplar a bonificación do 100% da taxa para casos debidamente xustificados de circunstancias especiais ou de exclusión social, previa achega dos informes correspondentes elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello. Será o órgano competente o que aprobe a súa aplicación.

O Pleno do Concello de Vedra recoñecerá, previo informe dos servizos tributarios do concello, o dereito de redución mencionado no parágrafo anterior, previa solicitude do interesado e documentación na que conste a condición de xubilado ou pensionista, o importe da pensión percibida, e a circunstancia de estar ao corrente no pago da taxa, aplicándose este beneficio no recibo correspondente. O non pago dos recibos implicará a perda da redución aplicada, prexudicando o dereito do exercicio corrente.

Na liquidación de cada exercicio, o Concello de Vedra coñecerá dos contribuíntes beneficiados os importes reducidos, podendo revogar se da práctica das actuacións inspectoras se deducirá a súa improcedencia con independencia da derivación sancionadora.”

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que o compañeiro do seu grupo que asistiu á Comisión Informativa lle informou que o grupo de goberno estaba considerando a posibilidade de incorporar unha bonificación pola utilización de composteiros, preguntando se teñen algunha redacción concreta, contestándolle a Presidencia que estaría incluído no artigo 8.2 da ordenanza, e a citada concelleira expón que lle parece axeitada a redacción, pero dado que xa se está poñendo en marcha a iniciativa, sería conveniente que neste punto 8.2 quedase recollida a posibilidade de abrir unha especie de rexistro das persoas que voluntariamente queiran participar nela e que estea debidamente controlado polo servizo técnico oportuno.

Tamén di que tendo en conta os criterios sociais e como referencia o IPREM deberíase incluír no grupo de pensionistas, xubilados, ..etc, as familias numerosas e as monoparentais, preguntando se a solicitude de redución se ten que facer anualmente como entende ela, contestándolle a Presidencia que si a teñen que solicitar anualmente.

En canto á proposta do grupo de goberno de incrementar as tarifas nun 15% sobre das actuais, di que si é certo que esta ordenanza hai moitos anos que non se actualiza e que o IPC acumulado supón unha porcentaxe moi elevada, pero pretender facer esa actualización porque os demais concellos a fixeron non é o caso. Si en cambio porque hai un plan económico financeiro que hai que cumprir e dalgunha maneira nos compromete a ir tomando accións para ir cumprindo o mesmo e alcanzar un custo cero na prestación dos servizos, e que se ben é certo que non se pretende o incremento da totalidade do 23%, ou 26% co IPC actual, senón do 15%, tamén é certo que ao seu grupo lle parece bastante subida, por iso propón á consideración do pleno que o citado incremento se fixese de xeito progresivo, en tres anualidades, 1/3 cada anualidade, e así deste xeito conseguir ir achegarse a mellorar a taxa de financiamento do servizo pero sen facer un cargo tan agresivo sobre dos veciños.

O Sr. Pose do BNG di que o 16 de abril xa se falou deste tema e xa se foi aprazando a cousa, e tres días despois das Eleccións xa se quere aprobar a subida do lixo, sinalando que un 15% de 1700 euros supón 300 euros/ano, e só lle afectaría a unha empresa; un 15% sobre 1000 euros, supón 12 euros/mes e só existen empresas nese epígrafe, polo tanto esta proposta é unha ruindade, xa que mentres as familias pagan non así as empresas que non lle supón nada un incremento de 7 euros/mes de media.



Expón tamén que antes deste día quedou o Sr. Alcalde de falar con amigos da terra que levasen experiencias de temas de compostaxe noutros concellos para organizalo correctamente e el tivo a delicadeza de falar con Amalia , que é a persoa encargada destes temas, para dicirlle que o equipo de goberno se ía por en contacto con ela, e resulta que nin chamaron, porque calquera cousa que poida supor un risco déixano non vaia ser que perdan un voto, polo que se queren aprobala apróbena, pero non deixen fóra da suba a ningunha empresa.

O Sr. Alvela de TEGA di que a subida progresiva que propón o PSdG-PSOE pode ser unha proposta que se pode considerar, sen embargo cando se fixo a última modificación aprobouse en distintos concellos limítrofes e de distintas cores políticas pasando de 39 a 59 euros/anos para as vivendas, e as tarifas que se aprobaron para determinadas pequenas empresas e almacéns foi tan esaxerada que algún dos concellos están a modificalas dez anos despois, polo que a proposta do grupo de goberno de incrementar as vivendas 8 euros/ano non lle parece nada descavillada, si en cambio a modificación anterior de 39-59 euros, tendo en conta ademais que se leva varios anos sen subir, aínda que a proposta do PSdG-PSOE tampouco lle parece mal, quizais si que o incremento se faga en dous anos e non en tres anualidades.

A Presidencia expón con respecto á proposta do PSdG-PSOE que o equipo de goberno a descartou no seu momento por volume de recadación e tamén por operatividade, incluso renunciando a cubrir ese resto (do 15-26%) que quedaría sen aplicar, recordando que na ordenanza se establece a revisión do IPC que non se está a aplicar nin neste nin nos outros concellos.

Di que mantén a súa proposta de incrementar as tarifas un 15%, agás nos dous epígrafes 1207 e 1208, e ir aplicando o IPC anual ou ben dentro de 3-4 anos volver a actualizar as tarifas co IPC acumulado se non se conseguen axustar os custos, porque como ven di o voceiro de TEGA non existe unha diferenza importante entre pagar 63-68 euros por vivenda, agradecéndolle ao Grupo Socialista a proposta presentada, se ben a descarta.

Polo que respecta ao exposto polo voceiro do BNG, di que xa se sabía que se ía modificar a ordenanza cando se aprobou o plan económico financeiro e non despois das eleccións, e nas reunións que fixo polas parroquias se informou disto. En canto ás empresas ás que non se lle aplicaríase o incremento do 15% é só as que están encadradas nos epígrafes 1207 e 1208, pero si a todas as demais, recordando que nesas epígrafes concellos como Teo, gobernados polo BNG e Brión polo PSdG-PSOE as baixaron.

O Sr. Pose di que el non ten nada que ver con Teo nin con Brión, que el é de Vedra e vive en Vedra, e que os mellores economistas din que os impostos hai que subilos en épocas de expansión económica e baixalos en épocas de recesión, e que incluso podería absterse na votación se non se exclúisen os epígrafes 1207 e 1208 do incremento do 15%.

O Sr. Alvela replícalle ao Sr. Pose que non se debe personalizar porque el non ven defender unha postura particular ao pleno, e que no seu día si se fixo unha implantación abusiva da taxa nesas epígrafes, e así dez anos despois determinados concellos aprobaron unha baixada da mesma nalgún tipo de negocio concreto, e sen embargo a proposta que se presenta hoxe é manter as tarifas existentes, anunciando que



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



o seu voto será a abstención, aínda considerando que a proposta do equipo de goberno é razoable.

Dona Lucía González pregunta cales son os motivos para excluír do incremento do 15% ás empresas encadradas nesas dous epígrafes máis alá da comparativa con concellos da bisbarra, contestándolle a Presidencia que se considerou que os existentes eran moi elevados, tendo en conta tamén que ese tipo de empresas (talleres, fábricas, ...etc) teñen que ter convenios específicos para a recollida selectiva e o orgánico que depositan nos colectores é mínimo comparado con outras, ademais de que si tiveron en conta as reflexións dos concellos coa mesma ordenanza que as baixou.

A citada concelleira sinala que hai que ter en conta que o custo desa recollida selectiva xa a repercuten as empresas no prezo dos produtos, que pagan os compradores, veciños e veciñas neste caso, e que o argumento de que un incremento de 9-10 euros non é tanto non é válido porque todo sube, e todo sae do mesmo peto, das economías que están apertadas, que están comprobando como lle van subindo os impostos de produtos básicos, como o IVE, que elevan o prezo da cesta da compra, por iso está de acordo con chegar a ese custo cero do servizo pero entende que non é o momento máis axeitado para gravar as economías familiares, podendo facelo dun xeito máis paulatino, máxime cando esa previsión que ten o equipo de goberno de cubrir a diferenza entre o 15-23% do IPC cunhas mellores prácticas por parte dos veciños/as indica que non existe un estudo de viabilidade das posibilidades económicas inmediatas ou unha previsión máis ou menos do que se pode conseguir a través das mesmas, de aí que mantén a súa postura de incrementar as tarifas de forma paulatina, e de non ser así a postura do seu grupo vai a ser en contra da proposta.

O Sr. Pose fai de novo a advertencia de que hai que estudar outras alternativas a Sogama, que na actualidade é a máis barata, pero recordando que está subvencionada pola Xunta nun 50%, e tal e como están as cousas non é moi disparatado pensar que nalgún momento retire esa subvención, co que estaríamos obrigados a aprobar un incremento importante desta ordenanza.

Posta a votación a proposta do equipo de goberno, que sería a seguinte, rexístranse seis votos a favor do PP, seis en contra do PSdG-PSOE e BNG e unha abstención de TEGA. Repetida a votación obtense o mesmo resultado e apróbase co voto de calidade da Presidencia.

1º.- Aprobar un incremento das tarifas, agás nos epígrafes 1207 e 1208, do 15%, quedando do seguinte xeito:

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
Epígrafe 10.- Vivendas	68,00 €
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis -apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	18,1
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis -apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	16,19
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis -apartamentos de 3 estrelas,	12,28



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis -apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 164,89 euros)	13,09
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis -apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 149,73 euros)	11,89
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas, campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	3,96
Concepto 1106: pensións de 1 estrela , por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ao ano de 149,73 euros)	11,89
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 87,53 euros)	7,25
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 83,57 euros)	5,82
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza , ao ano, euros: (cun mínimo de 418,74 euros anuais)	34,13
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Miores e Residencias de Estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ao ano, euros (cun mínimo de 360,23 euros)	11,89
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Miores e Residencias de Estudantes sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro , ao ano	290,28
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	145,14
EPÍGRAFE 12: LOCAIS	
Concepto 1200: RESTAURANTES	€
120000 De categoría de luxo	638,63
120001 De categoría 1 ^a	580,58
120002 De categoría 2 ^a	471,72
120003 De categoría 3 ^a	377,38
120004 De categoría 4 ^a	283,04
Concepto 1201: CAFETERÍAS	€
120100 De categoría especial	508,00
120101 De categoría 1 ^a	399,15
120102 De categoría 2 ^a	326,58
120103 De categoría 3 ^a	159,65
Concepto 1202: BARES	€
120200 De categoría especial, Epígrafe 673.1 IAE	580,58
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (Zona urbana)	130,63
120202 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 IAE (resto)	108,86
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SEMELLANTES	580,58 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	€
120400 Con restaurante e/ou cafetería	362,87
120401 Os demais	181,42
Concepto 1205: TEATROS E CINES	€
120500 Teatros e cines con local pechado	246,74
120501 Teatros e cines con local aberto	72,58
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, SERRADOIROS E GRANDES ALMACÉNS	€
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 de 1 empregado	164,07
120700.01 de 2 a 4 empregados	201,94
120700.02 de 5 a 7 empregados	265,05
120700.03 de 8 a 10 empregados	315,54
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	473,30
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	946,60
120702 Máis de 50 empregados, ata 100	1893,19
120701 Máis de 100 empregados	3155,31
Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS AO POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	€
120800 Por cada posto fixo de venda en mercados municipais e galerías de alimentación:	37,86
NOTA: A concorrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo mercados, dedicados á venda de produtos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa.	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	1893,19
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	946,60
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	391,26
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	214,56
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	
120802 Outros establecementos:	2082,51
120802.00 Peixerías, carnicerías, e froitarías	296,60
120802.01 Os demais establecementos	
120803 Mercados Centrais ao por maior	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais	
120803.01 por cada posto modular	



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINEIRAS E ESTACIÓNS DE SERVIZOS	€ 689,44
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servizos, por surtidor (ata un máximo de 518,37 euros)	145,14
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 10001 de residuos , por día):	€ 306,11
121000 Ata 500 m ² de superficie	613,09
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	919,20
121002 Máis de 1000 m ² de superficie	
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	€ 181,42
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ao día, ao ano NOTA: A efectos da notificación da cata derivada deste concepto, os obrigados ao pago deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	87,09 €
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	27,44 €
Concepto: 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	87,09 €
Concepto 1215: ESTABLECEMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL E CASSETAS DE FEIRA	€ 29,12
121500 Os establecementos de carácter temporal abertos ou en actividade por tempo que non exceda de tres meses consecutivos ao ano, incluídos os instalados con ocasión de festas, romarías ou verbenas	
121501 Atraccións e demais establecementos semellantes instalados no recinto de festas:	37,11
121502 Venda ambulante, por cada día de colocación no mercado (ao trimestre)	6,67



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



NOTA: Para a obtención do PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA será requisito imprescindible a presentación do recibo da última taxa trimestral de hixiene pública posta ao cobro	
Concepto 1216: ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, PEÑAS, CENTROS DE CULTO E OUTROS SEMELLANTES	72,58 €
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas referidas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ao interesado, axustalas ao volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
Epígrafe 20.- Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 2,75 €	0,025 €
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 3,46 €	0,051 €
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 38,79 €)	0,114 €
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
Epígrafe 30. Limpeza Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 48,63 €)	0,025 €
Epígrafe 31.- Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: por cada kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 38,79 €)	0,11 €
Concepto 3101: por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 38,79 €)	11,36 €
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
Epígrafe 40.- Recollida de vehículos	



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.		25,69 €
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de característica análogas con tara inferior a 1.000 kg.		53,07 €
Concepto 4002: Pola retirada de camiións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 kg.		131,58 €
Epígrafe 41. - Depósito de vehículos.		
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedes, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día		2,09 €
Concepto 4101: Automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos de tara inferior a 1.001 Kg, por día		3,27 €
Concepto 4102: Camiións, tractores, turismos, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 kg., por día		6,97 €
<p>NOTA 1ª.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta Ordenanza.</p> <p>NOTA 2ª.- No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.</p> <p>NOTA 3ª.- As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículo só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polo seus propietarios.</p>		
TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE COLECTORES DE ENTULLO		
Epígrafe 50.- Retirada e transporte a depósito		90,08 €
Epígrafe 51.- Depósito por cada día de estancia		2,93 €
NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta Ordenanza.		



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS

Epígrafe 60.- Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas

Concepto 6001.- Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	20,07 €
---	---------

Concepto 6002.- Por cada m lineal de limpeza de pintadas	20,07 €
--	---------

Concepto 6003.- Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros	11,49 €
---	---------

NOTA.- A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1. b) desta Ordenanza

TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA

Epígrafe 70.- Por cada unidade de peso menor de 70 kg, euros	17,76 €
--	---------

Epígrafe 71.- Por unidade de peso superior a 70 kg, euros	56,84 €
---	---------

TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K

A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo invertido e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:

Epígrafe 80.- Persoal

Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	50,34 €
---	---------

Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	23,05 €
--	---------

Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou Operario, por cada hora ou fracción	14,20 €
---	---------

NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15% adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.

Epígrafe 81.- Materiais



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración do Concello de Vedra, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredoiro, baldeado, compactador, escavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade de hora, sen condutor, euros	23,05 €
Concepto 8102: Condutor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	14,20 €
Epígrafe 82.- Desprazamentos	
Concepto 8200: por Km percorrido, vehículo pesado, compactador ida e volta, euros	0,97 €
Concepto 8201: por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,29 €
NOTA: A débeda tributaria esixida obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

2º.- O artigo 8.1 quedaría redactado do seguinte xeito:

1º.- Ao abeiro do establecido no artigo 24.4 da Lei 39/1988, as cotas derivadas da aplicación da tarifa nº 1, correspondentes á prestación do servizo de xestión de lixo domiciliario, reduciranse á metade da cota de vivendas para aqueles suxeitos pasivos nos que concorra a condición de xubilados, pensionistas, perceptores de axuda familiar, familias numerosas e familias monoparentais, sempre que os seus ingresos anuais totais, da unidade familiar, non superen o IPREM vixente no período para o que se solicite a redución. Excepcionalmente poderase contemplar a bonificación do 100% da taxa para casos debidamente xustificadas de circunstancias especiais ou de exclusión social, previa achega dos informes correspondentes elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios deste concello. Será o órgano competente o que aprobe a súa aplicación.

O Pleno do Concello de Vedra recoñecerá, previo informe dos servizos tributarios do concello, o dereito de redución mencionado no parágrafo anterior, previa solicitude anualmente do interesado e xustificación na que conste a condición de xubilado, pensionista, familia numerosa ou monoparental, o importe da pensión percibida, e a circunstancia de estar ao corrente no pago da taxa, aplicándose este beneficio no recibo correspondente. O non pago dos recibos implicará a perda da redución aplicada, prexudicando o dereito do exercicio corrente.

Na liquidación de cada exercicio, o Concello de Vedra coñecerá dos contribuíntes beneficiados os importes reducidos, podendo revogar se da práctica das actuacións inspectoras se deducirá a súa improcedencia con independencia da derivación sancionadora.”

3º.- No artigo 5º faise a corrección seguinte: onde di “ a concorrencia..... á Facenda da Mancomunidade”, debe dicir “a concorrencia..... á Facenda do Concello”.



4º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2012

Dáse conta da necesidade de recoñecer créditos para as seguintes facturas do exercicio 2011:

*Factura núm. 11/1283 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde da obra de *Ampliación das redes de abastecemento e saneamento en San Cruz de Ribadulla*, incluída no *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*. Importe 653,64 euros

*Factura núm. 53/11 de Miguel Camino Bouzón por traballos realizados no mes de decembro. Importe 3.029,06 euros

*Factura núm. 9/2011 de Fermín González Blanco, S.L por redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla en xullo. Importe 2.476,63 euros

*Factura núm. 12/2011 de don Fermín González Blanco, S.L por redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla en setembro. Importe 2.476,63 euros

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento de créditos.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal Socialista sobre a desgravación do IVE para o material escolar

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista na que se expón que a educación é moito máis que unha política encamiñada á capacitación persoal das diversas xeracións, é tamén unha política que impulsa a igualdade de oportunidades e competitividade dunha economía moderna, por iso preséntase imprescindible non só para a saída da crise, senón para que esta saída sexa xusta e mesmo para evitar ou paliar os efectos das vindeiras.

Sinala tamén que a sociedade galega está asistindo aos profundos recortes orzamentarios que, en todos os programas, a Xunta de Galicia xunto coa maioría das Comunidades Autónomas e o Goberno Central están a aplicar sobre a educación, sendo relevantes as decisións que afectan ao material escolar: supresión de programas de gratuidade de libros de texto, eliminación de programas de becas e axudas de compra do material escolar básico e un espectacular incremento do IVE dende o 4% ao 21% sobre do material escolar, convertendo este incremento de 17 puntos do IVE a España nun dos países da Unión Europea co IVE máis alto por este concepto (as familias españolas van pagar polo material escolar dos seus fillos o dobre de IVE cunha familia italiana, o triplo ca unha familia alemá ou catro veces máis ca unha familia francesa polo mesmo concepto).

Por iso proponse a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Goberno de España a anular as subidas do tipo impositivo do IVE prevista no Real Decreto - Lei 20/2012, referidas ao material escolar.

Segundo.- Instar ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a incluír, nos próximos orzamentos, unha partida orzamentaria destinada á creación dun programa



de axudas ao material escolar destinado ás familias con rendas baixas e/ou desempregadas.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que recentemente o comezo do curso escolar veu acompañado da compra dos libros de texto, co incremento do IPC, e cun notable incrementamento do IVE no material escolar, que se pode incluír dentro dos recortes que se están a facer no ámbito da educación, só que neste caso é algo que vén a sobrecargar máis ás familias, porque lles implica un gasto adicional importante, sinalando que é responsabilidade do goberno velar por un acceso en igualdade de condicións á educación, e polo tanto que facilite o acceso aos materiais que se esixen nos colexios. Por iso o seu grupo presenta esta moción, solicitando o apoio dos grupos para que se anule o incremento do IVE sobre do material escolar, e en calquera caso se habiliten axudas para as familias que o necesiten para cubrir os gastos derivados da adquisición dos libros e materiais para os seus fillos e fillas para a súa aprendizaxe.

O Sr. Costa do PP sinala que o seu grupo vai apoiar a moción, ao igual que calquera iniciativa que tenda á mellora da educación, se ben fai algunhas matizacións con respecto ao sinalado na moción na exposición de motivos, citando unha serie de datos sobre da educación na nosa comunidade autónoma con respecto ás demais.

Segundo datos obtidos do Ministerio de Educación no ano 2011, cando gobernaba o PSOE: na relación alumnos/profesor (20,9 somos a terceira comunidade autónoma, só superada por Estremadura (20,2) e Castela e León (20,6), e a media do estado é do 24%.; No abandono escolar estamos no 20,8%, cando anteriormente era do 26% e a media de España está por encima. O sistema educativo galego é o máis equitativo e igualitario de España, superando 106 puntos a medida do OCDE, estando a décimas de Finlandia en temas relacionados coa equidade. Un dos temas nos que se sustenta a moción, programas e reforzo contra o abandono e fracaso escolar e absentismo, no último curso beneficiaron a 16.481 alumnos/as, incrementouse un 52% o número de centros que se beneficiaron e un 82% o número de alumnos/as; creouse unha nova medida, que son os programas que tamén benefician o reforzo educativo, no que se beneficiaron 11.663 alumnos de 144 centros, e a vindeira convocatoria está a saír e existe unha boa previsión de solicitudes e que duplicará o número de centros; creouse á iniciativa da administración un “programa de iniciativa de mellora” que tamén é de reforzo, para aqueles que teñen unha taxa baixa de éxito escolar que beneficiou a 4.818 alumnos de 95 centros galegos.

Di tamén que o seu grupo votará a favor da moción, porque efectivamente houbo un incremento do tipo impositivo importante, se ben ese incremento non se aplicou nos libros de texto, e ademais no que respecta a Galicia, a Consellería de Cultura e Educación fixo un esforzo dentro das dificultades existentes, incrementando un programa de axudas 5.000.000 de euros máis que no anterior exercicio, debido a que hai moitas familias necesitadas e tamén debido a este incremento no material escolar e libros de texto.

O Sr. Pose do BNG di que votará a favor da moción, e que non reconece ao país do que fala o Sr. Costa, senón outro no que existen 2000 profesores menos cada lexislatura, que non se cobren as substitucións, ...etc

Dona Lucía González di que agradece o apoio de todos os grupos e que comparte esa visión do BNG de que vivimos nun país diferente, que se fan moitas



cousas pero finalmente pregunta se eses fondos van destinados á escola pública ou tamén máis e mellores á ensinanza concertada. Sinala tamén que os datos son moi bonitos pero se estamos tan ben non somos capaces de seguir mantendo esas boas ratios e evitar que salgan á rúa, os mestres e nais e pais, para queixarse polas medidas que se están a tomar con relación á educación, xa que as estatísticas son interpretables a gusto de cada quen, pero a realidade é a que é: a xente con tantas medidas bótase á rúa.

Finalmente di que a moción presentada é só respecto da subida do IVE no material escolar, reiterando o seu agradecemento aos demais grupos e esperando que a mesma proposta se presente en moitos máis concellos e supoña realmente unha presión ao goberno central para que revise o tema, recordando que o Sr. Ministro Montoro negou pouco antes o incremento que aprobou despois , o que demostra que o goberno considera a ensinanza un artigo de luxo, xa que está suxeita ao mesmo tipo de IVE que os artigos de luxo.

O Sr. Costa expón que xa manifestou o voto favorable do seu grupo á moción , que non discute a súa proposta senón os datos facilitados por el, obtidos de fontes dun goberno do partido Socialista, que sitúan a Galicia neses indicadores.

Con respecto aos concertos educativos, fai referencia ao manifestado por unha ministra socialista de que seguían mantendo a concertada porque era máis barata, e nesta lexislatura se mantiveron o mesmo número de concertos co curso anterior e que os orzamentos destinados a citada ensinanza están conxelados dende principios de lexislatura, sendo curioso que gobernos que formaron parte dunha lexislatura anterior fixeron 200 concertos máis dos que había a principios do 2005, e na actualidade , a finais do pasado curso e a principios do presente, existe o mesmo número de concertos en Galicia que no último ano do goberno bipartito.

En canto aos orzamentos dende 2005 a 2009, nos que gobernou o bipartito, o incremento de recursos destinados dos fondos públicos da Xunta á ensinanza concertada incrementouse 50.000.000 de euros, e que todo é mellorable e oxalá existiran máis recursos para destinar, pero os indicadores son os que temos.

Dona Lucía dille ao Sr. Costa que esa conselleira que mencionou tamén foi a que instaurou a gratuidade dos libros de texto, replicándolle o Sr. Costa que foi Celso Currás, o mesmo conselleiro que despois a eliminou.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre fumigación aérea do eucalipto

Por parte da Presidencia dáse conta da moción presentada polo BNG para promover unha declaración institucional do Concello de Vedra de rexeitamento da fumigación aérea con cascade por parte de Aspapel con avaliación da Xunta para o control do gonipterus do eucalipto, sinalando que necesita estudar máis os datos dun tema tan técnico e que o seu grupo a pode apoiar, e sobre todo, tendo en conta que o Concello de Vedra tampouco ten unha excesiva plantación de eucaliptos, polo tanto prefire debatela no seguinte pleno.



Dona Lucía González di que lle gustaría escoitar a defensa da urxencia por parte do BNG, porque coñece algo deste asunto e Vedra aínda que non está como zona directamente fumigada, non hai que esquecer que se trata dunha fumigación aérea.

O Sr. Pose do BNG expón que se trata de produtos bioacumulables, que logo de que entran no organismo non saen e pouco a pouco acaban producindo problemas, e que os efectos deste produto se notan sobre todo na apicultura, e así algún veciño de Vedra lle pediu que a presentase, que dende logo pode esperar ao pleno seguinte, pero que a moción é puramente técnica, e que estes produtos na UE teñen un prazo para non volver a utilizarse, por iso están aproveitando este prazo para utilizalo no límite de posibilidade legal.

Dona Lucía González di que se vote a urxencia da moción porque recorda que en distintos foros de internet houbo bastante polémica con estas fumigacións anteriores ao mes de agosto, que incluso se formou unha iniciativa pública de recoller sinaturas para requirirle á Consellería a que non se fixesen, forzando á Consellería a emitir un informe que non se estaban a facer, que non se ía usar cascade, e que non coñece os acordos da moción pero que o seu grupo é partidario de votar a súa urxencia, porque non se pode permitir que se fagan fumigacións con este produto amparados en normativas da UE para darlle saída a stocks de produtos, que está máis que demostrado son bioacumulables e súper tóxicos para o medio e finalmente para as persoas.

O Sr. Lema do PP di que un asunto desta complexidade técnica non se pode discutir nuns minutos en base a datos máis que respectables, pero loxicamente necesita estudar o tema antes de apoiala, por iso pide un pouco de rigor e se as cousas son así non existirá ningún problema en apoiar a mesma.

O Sr. Pose di que prefire que sexa aprobada por unanimidade porque realmente é importante, por iso non ten problema en deixala para o seguinte pleno.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas do PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1.- Sobre da actuacións levadas a cabo en relación co expediente de reposición da legalidade respecto das obras levadas a cabo por don José Manuel González Torre en A Torre -San Xián, di que o interesado solicitou por escrito que por parte do Concello se volveuse a comprobar a distancia respecto á antiga pista de concentración parcelaria e que se as obras non cumprían a normativa que voluntariamente as retiraría, e que por parte da técnica de urbanismo se foi comprobar e segundo o informe emitido, ratifica o anterior e en efecto dous piares non cumpren , polo que se voluntariamente non os retira o Concello daralle trámite a través da imposición de multas.

2.- En canto ao acordo da suspensión da licitación convocada para a subministración dun camión de recollida de residuos sólidos de Vedra, di que se suspendeu o proceso porque se podía conseguir un camión dunha capacidade maior (17 m³) sen modificar o prezo, e dado que está financiado integramente pola Deputación Provincial houbo que pedir autorización á mesma para o cambio. Di tamén que nestes días sairá publicado no BOP o novo concurso, logo do informe favorable da Deputación para o citado cambio.



3.- Sobre da suspensión da licitación convocada para a contratación do servizo de xestión das instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra, di que un dos motivos foi coa idea de realizar unhas novas instalacións do ximnasio, hai que valorar a posibilidade de licitar as dúas cousas xuntas ou separadas e o segundo motivo foi que despois da modificación das taxas hai que comprobar a incidencia en relación aos usuarios, recadación, ..etc, pero que proximamente se comezará coa licitación do citado contrato.

4.- Con respecto ao servizo de fisioterapia, di que se están a ultimar as bases.

5.- En canto ao rogo sobre das xestións feitas con respecto ao arranxo do valo da igrexa a carón da pista de Quintáns, cédelle a palabra á concelleira de obras, dona M^a Jesús Piñeiro, quen informa que xa se retiraron todas as pedras.

--Ás pregunta do BNG, di:

1.- Sobre da lista de empresarios de Vedra, di que non está feita, pero que en breve se convocará aos voceiros de todos os grupos para informarlle de como se pensa organizar este asunto.

2.- En canto á moción presentada polo BNG para a dación en pago, di que se lle enviou o 13 de xuño a todas as entidades bancarias coas que traballa o concello o acordo do pleno e ademais colgouse o mesmo na páxina principal da web municipal.

3.- Sobre dos pagos por obras na Casa Cuartel da Garda Civil de Lestedo, di que foron para distintas obras nas diferentes dependencias da citada casa.

8º.- Rogos e preguntas

-Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta:

Primeira.- Hai case un ano, no pleno do 24/11/11 este grupo interesábase por unha factura aprobada na Xunta de Goberno do 29/09/11, emitida por Comercial Vehículos Industriais polo concepto de reparación de sinistro do camión de recollida de lixo por un importe de 19.473,15 euros. Nese mesmo pleno, a Presidencia contestou que foi como consecuencia do incendio do camión, que ocorreu dentro do taller de Reparaciones Sinde, e que se facía cargo o seguro do mesmo, pero que o concello tivera que aprobar a factura e avalar o seu pagamento para poder sacar o camión do taller, estando á espera de que o seguro ingrese o importe do arranxo.

O seguro fíxose cargo xa de reintegrar eses cartos adiantados polo concello?

Segunda.- Na Xunta de Voceiros celebrada o 11/05/2012, o grupo de goberno informou de que estaban a negociar un novo convenio co Sr. Modesto Paz Camps e que esperaban presentarnos unha proposta de xestión do centro de interpretación e da obra pictórica do Sr. Paz -Camps no mes de xullo.

Cales son os acordos aos que teñen chegado co Sr. Paz Camps?

Cales son as propostas e demandas do Sr. Paz Camps?

Cales son as propostas e demandas do Concello?

Cando se prevé a entrada en vigor do novo convenio?

Rogamos dean conta ao Pleno da corporación dos detalles das negociacións efectuadas ata o momento así como das que poidan ter lugar no futuro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



--Don José A. Pose do BNG roga que en relación co escrito remitido pola ANPA de Pontepedriña a todos os grupos municipais, que a maior brevidade posible se poña en contacto coas empresas Seoane e Monbús para solucionar o problema.

Ademais pregunta cal é o motivo de que non saia Vedra na Resolución do 08/10/2012 publicada no DOG sobre do resultado da convocatoria do proceso de selección de proxectos dinamizadores de áreas rurais de Galicia, onde si están incluídos unha morea de concellos.

--O Sr. Alvela de TEGA fai a seguinte aclaración con respecto á súa abstención na votación no incremento da taxa municipal de recollida de lixo, porque a súa abstención foi definitiva para que saia adiante:

Por unha parte a postura da voceira do PSdG-PSOE , que non estaba en contra da proposta senón que propoñía un incremento progresivo, incluso máis do 15% para cubrir ese IPC, polo tanto non existiu esa oposición ao incremento, simplemente era distinto, e por outra banda cando o Sr. Cobas presidía o pleno o incremento das taxas foi de 20,00 euros para as vivendas e non 8,00 como se aprobou hoxe, e no ano 2011 falouse para aplicar no ano 2012 algún modelo de subida, polo tanto non se quedou tan só na votación.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos.